

## **ORDENANZA FISCAL NÚMERO 22.-REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DO SERVICIO DA BIBLIOTECA MUNICIPAL**

### **Artigo 1.º .-Fundamento e natureza.**

En uso das facultades concedidas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto no artigo 58 en relación cos artigos 15 ó 19 e 20 .4 w) da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, o Concello de Malpica de Bergantiños establece a Taxa polo servizo da Biblioteca Municipal consistente en préstamo de libros, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal.

### **Artigo 2.º .-Servicio público local**

Entenderase como servizo público local do Concello de Malpica de Bergantiños a efectos da aplicación da presente Ordenanza Fiscal, o prestado conforme ás competencias atribuídas no artigo 25, 26.1 e 85 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

### **Artigo 3.º .-Feito imponible**

Constitúe o Feito Imponible desta Taxa o servizo da Biblioteca Municipal consistente en préstamo de libros. Terá a consideración de Feito Imponible regulado na presente Ordenanza Fiscal o servizo da Biblioteca Municipal consistente en préstamo de libros ós usuarios que se beneficien do devandito servizo.

### **Artigo 4.º .-Suxeito pasivo**

1.-Son Suxeitos pasivos desta Taxa, en concepto de contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as Entidades a que se refire o artigo 33 da lei 230/1963, de 28 decembro, Xeral Tributaria que soliciten a prestación do servizo da Biblioteca Municipal regulado na presente Ordenanza Fiscal.

2.-Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria que sexan causantes ou colaboren na realización dunha infracción tributaria.

3.-Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores das quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral nos supostos e alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

### **Artigo 5.º .-Base imponible e liquidable**

1.-A contía da Taxa polo servizo da Biblioteca Municipal consistente en préstamo de libros será a fixada na tarifa contida no artigo seguinte para cada unha das categorías de usuarios do servizo regulado na presente Ordenanza.

### **Artigo 6.º .-Cota**

1.-As cotas vixentes para esta Taxa serán as seguintes:

<b>Categoría de usuario</b>	<b>Cota trimestral</b>	<b>Cota anual</b>
Usuario menor de 16 anos	12	50
Usuario maior de 16 anos	25	100

### **Artigo 7.º .-Período impositivo e devengo**

1.-O período impositivo coincide co ano natural, excepto cando se soliciten novas altas na utilización do servizo da Biblioteca Municipal consistente en préstamo de libros unha vez iniciado aquel; neste caso o período impositivo abarcará dende o trimestre comprensivo de data solicitude de servizo regulado na presente Ordenanza ata o final do ano natural.

2.-A taxa devéngase o primeiro día do período impositivo e as cotas serán irreductibles, salvo cando, nos casos de novas altas na utilización do servizo da Biblioteca Municipal consistente en préstamo de libros, a data de solicitude no servizo de Biblioteca non coincida co día de inicio do ano natural; neste caso no a cota calcularase proporcionalmente ó número de trimestres naturais que restan para finaliza-lo ano, incluído o de comezo da utilización do servizo.

3.-As cotas serán rateadas (prorratedas) por trimestres naturais no caso de cese, excluído aquel en que se produza este. A tal fin os suxeitos pasivos poderán solicita-la parte da cota correspondente ós trimestres naturais nos que non se teña realizada a utilización do servizo que constitúe o feito imponible da presente Ordenanza Fiscal.

### **Artigo 8.º .-Normas de xestión**

1.-Os suxeitos pasivos por aplicación da presente Ordenanza Fiscal deberán solicita-la prestación do servizo de préstamo de libros con anterioridade á utilización do citado servizo.

2.-As autorizacións para a realizar-lo uso do servizo de préstamo de libros da Biblioteca Municipal, serán outorgadas polo Alcalde-Presidente do Concello de Malpica de Bergantiños de acordo co artigo 21.1 II) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e 24 do Real Decreto Legislativo 781/1986, quen poderá delega-la concesión das presentes autorizacións no Funcionario encargado da Biblioteca Municipal.

3.-Cando se presente a solicitude ou se inicie o expediente os suxeitos pasivos pola utilización do servizo de Biblioteca Municipal regulado na presente Ordenanza Fiscal estarán obrigados a ingresa-lo importe de taxa en concepto de depósito previo, de acordo co artigo 26.1.a) da Lei 39/1988, de 28 de decembro reguladora das Facendas Locais. O importe de taxa en concepto de depósito previo será autoliquidado polo suxeito pasivo, especificando os trimestres para o cal se solicita o servizo. Non se tramitará o expediente nin se permitirá o uso do servizo ata que se teña efectuado o pagamento correspondente e sexa expedido o correspondente carnet de usuario.

4.-Tramitado o correspondente expediente, e comprobado o importe de taxa en concepto de depósito previo autoliquidado polo suxeito pasivo, procederase á autorización para a utilización do servizo solicitado mediante a expedición do

carnet de usuario, elevándose o depósito previo á liquidación definitiva ó concederse a autorización solicitada.

5.-Os interesados, no suposto de denegación da autorización poderán solicita-la devolución do importe do depósito previo.

### **Artigo 9.º .-Exencións e bonificacións**

De conformidade co disposto no artigo 9 da Lei 39/88 de 28 de decembro non se concederá exención ou bonificación ningunha respecto á taxa regulada pola presente ordenanza, salvo os que sexan consecuencia do establecido nos Tratados ou Acordos Internacionais ou os previsto con rango de Lei.

### **Artigo 10.º .-Administración e cobranza**

1.-As cotas esixibles liquidaranse polo servizo solicitado, sendo irreductibles polo período impositivo sinalado artigo 7.º da presente Ordenanza Fiscal.

2.-Autorizada a utilización do servizo da Biblioteca Municipal consistente en préstamo de libros, entenderase prorrogado automaticamente por un novo período impositivo, ata que se solicite a baixa polo interesado, ou sexa declarada a súa caducidade. A tal fin a Administración Municipal elaborará un padrón anual das persoas ou entidades obrigadas ó pagamento, que deberá ser aprobado definitivamente antes do último día do primeiro mes do período impositivo.

3.-Os contribuíntes deberán ingresa-lo importe das cotas tributarias liquidadas mediante o referido padrón fiscal anual nas Oficinas deste Concello ou Entidades Financeiras colaboradoras no período comprendido entre o día 15 de febreiro o último día do mes de abril de cada ano.

4.-Nos casos de presentación da baixa por cese na utilización do servizo da Biblioteca Municipal consistente en préstamo de libros, esta producirá efectos a partir do trimestre seguinte ó que se teña efectuada a presentación. A non presentación da baixa determinará a obriga de seguir aboando a taxa.

### **Aprobación e vixencia**

1. A presente Ordenanza Fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no "Boletín Oficial da Provincia", e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 1999, ata que se acorde a súa derogación ou modificación expresa.

2. A presente Ordenanza, que consta de dez artigos, foi aprobada polo Pleno en sesión extraordinaria, celebrada o día 25 de novembro de mil novecentos noventa e oito.